

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de febreiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Vicente Gómez Rodríguez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Novoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 13 de febreiro de 2019 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xaneiro de 2019, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

**2º A.- SOLICITUDE DO GRUPO PROVINCIAL DO PSDG-PSOE DE
COMPARECENCIA DO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN
INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL
PARA EXPLICAR O USO DE RECURSOS PÚBLICOS PROVINCIAIS NA
CAPTACIÓN DE ALCALDES OU CARGOS ELECTOS DOUTRAS
FORMACIÓNS POLÍTICAS COMO CANDIDATOS PARA O PP.-**

O Sr. **presidente da Comisión** sinala en primeiro lugar que existe unha solicitude do Grupo Socialista de comparecencia do presidente da Deputación nesta Comisión con respecto á cal se formulou unha proposta de resolución desestimatoria polo presidente da Comisión. Indica que a proposta de resolución é desestimatoria porque o seu grupo nega á maior, no sentido de que non existe uso de recursos públicos para captar candidatos.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, cre que é público e notorio que cargos do PSOE e do BNG, antes de finalizar o mandato son presentados polo Sr. Baltar como candidatos do Partido Popular. Por tanto non se pode negar á maior. Non se pode negar a evidencia porque isto é unha tomadura de pelo e aínda encima hai feitos como que o último alcalde que cambiou de bando ao seu concello déronse neste mandato un millón e medio de euros en subvencións por riba da media que reciben os demais. Di que o seu grupo non pode seguir tolerando esta situación e vai haber que propoñer que esta Comisión desapareza porque a Comisión de Transparencia non é transparente cando non se quere vir a explicar as cousas. Di que o mes pasado pediuse outra comparecencia e denegouse, o que obrigou ao seu grupo a formular a pregunta ao presidente en Pleno e tivemos que estar hora e media, por educación, escoitando a resposta do presidente na que non se contestaba ao fundamental que era o custo das súas viaxes. Di que a proposta do presidente da Comisión non lles vale e que, en todo caso, debería ser o propio presidente da Deputación o que a asinase. Insiste en que o que demanda o seu grupo é que veña aquí a explicar o que eles, como grupo político, consideran que se debe explicar. Iso de negar a maior de que se compran vontades revela unha forma de entender a política, porque cre que hai unha diferenza con casos como o do Sr. Araujo, que cre que moralmente actuou de forma correcta ao abandonar o seu escano de concelleiro, mentres que os casos que eles denuncian son aos alcaldes que cambian de formación política non

renunciando aos seus cargos. Cre que o Grupo Popular debería dicir abertamente que ten a maioría e que por iso rexeita estimar esta solicitude porque non quere dar explicacións.

Don Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pide que o Sr. secretario aclare se é legal que o Sr. presidente da Comisión evite o debate desta moción do Grupo Socialista co argumento de que nega a maior e pregunta que quere dicir con iso de negar a maior.

O **Sr. secretario** explica que non se trata dunha moción do Grupo Socialista, senón dunha solicitude, e que respecto a esa solicitude o Sr. presidente da Comisión formula unha proposta de resolución propondo a súa desestimación. Explica que o asunto non se incluíu na orde do día xa que debido a un erro a solicitude foi remitida desde Rexistro a Secretaría Xeral cando xa se convocara a Comisión, e por iso tramítase como unha moción urxente do Sr. presidente da Comisión, para resolver a solicitude do Grupo Socialista, e por tanto é un asunto que se debate e se vota previa declaración da súa urxencia. En canto ao de negar a maior entende que é o argumento en que se basea o Sr. presidente da Comisión para rexeitar a solicitude do Grupo Socialista e entende que considera que non existen os feitos en que se basea a solicitude do Grupo Socialista (a captación de candidatos mediante o uso de fondos públicos provinciais), en todo caso trátase dun razoamento sobre o fondo do asunto para rexeitar o que se solicita, non para impedir a tramitación.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, do BNG, concorda co manifestado polo voceiro do Grupo Socialista e di que o de negar a maior queda moi ben pero con iso estase negando unha evidencia e iso é que os alcaldables do Partido Popular veñen a reunirse co presidente e sacarse unha foto e isto é unha realidade que está á vista de todos clara e obxectivamente.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, declárase a urxencia do asunto someténdose directamente a votación a proposta do Sr. presidente da Comisión que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (6) o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), polo que a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Desestimar a solicitude do Grupo Provincial do PSdG – PSOE de comparecencia do Sr. Presidente da Deputación na Comisión Informativa de Transparencia e

Administración Provincial para explicar o uso de recursos públicos provinciais na captación de alcaldes ou cargos electos doutras formacións políticas como candidatos para o PP, ao estimarse inxustificada a dita comparecencia, sendo as afirmacións recollidas na solicitude da portavoz do Grupo do PSdG – PSOE unha mera especulación carente de fundamento, e que nin sequera se motiva no seu escrito.

2º.B.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RETIRADA DE HONRAS, CONDECORACIÓNS E RECOÑECEMENTOS A PERSOAS CONDENADAS POR SENTENZA FIRME.- O Sr. presidente da Comisión indica que hai unha moción do Grupo Socialista sobre a retirada de honras, condecoracións e recoñecementos a persoas condenadas por sentenza firme, que hai que tratar por urxencia ao presentarse unha vez convocada a Comisión.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que agora é o seu grupo o que nega a maior porque esta moción se presentou o 8 de febreiro ás 13.30 horas e polo tanto presentouse dentro de prazo, di que non pode ser que se limite a capacidade de facer oposición aos grupos políticos deste modo e insiste en que a moción presentouse o mesmo día que se convocaban as comisións, polo que non se pode considerar que haxa que tramitala como moción urxente e pregúntase se van ter que presentar as mocións o día 1 de cada mes, sinalando ademais que no mes de febreiro, ao coincidir o Pleno na penúltima semana, practicamente non houbo tempo para presentar mocións. En canto ao fondo da moción di que esta moción nos dignifica a todos polo seu contido e o que trata nos afecta a todos. Polo tanto non comparte o criterio do presidente e di que non se pode tolerar esta situación e que no futuro o seu grupo terá que adoptar outro tipo de medidas.

O Sr. presidente da Comisión di que hai un calendario que cumprir e un horario dos funcionarios que respectar.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, insiste nas súas protestas ao respecto e en que a moción se presentou en prazo.

Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, intervén para preguntarse se se pode considerar urxente unha situación que leva aí moitos anos e que agora se lle acaba de ocorrer resolver á nova voceira do Grupo Socialista.

Don Antonio Montero Fernández, do Grupo Popular, di que todos sabemos que o mes de febreiro ten 28 ou 29 días e a data das comisións informativas coñécese con antelación.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que a moción non ten por que tratarse por urxencia e que os criterios da Presidencia nos obrigan a ter que preparar as cousas de modo moi apresurado. Di ademais que o Grupo Popular non se leu a moción e destaca que na dita moción non hai ningunha alusión a don José Luis Baltar Pumar, máis aló de que se puidera dicir nos medios.

Don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, responde que foi a voceira do Grupo Socialista a que aclara en roda de prensa que a moción referíase ao Sr. Baltar Pumar.

O **Sr. secretario** di que a convocatoria se realiza o último día de prazo e que se espera ata última hora da mañá, unha hora antes de que termine a xornada do persoal administrativo de Secretaría. Neste caso foi presentada en rexistro ás 13.32 horas do día 8 de febreiro, cando a convocatoria se enviara xa por correo ás 13.24 horas, por iso a moción non se incluíu na orde do día, porque non se tiña coñecemento dela.

Pide aos grupos que, como xa informou en anteriores comisións, cando se dea esta situación que avisen a Secretaría de que van presentar unha moción con fin de que se poida xestionar correctamente a convocatoria.

Seguidamente sométese a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), Democracia Ourensana (1) e Grupo Socialista (3) e o voto en contra do Grupo Popular (6), polo que xa non procede tratar a moción.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **presidente da Comisión** dá resposta a dúas preguntas formuladas na Comisión anterior. Con respecto á reforma das oficinas do Grupo Popular, o presidente da comisión dá lectura dun informe do arquitecto provincial, que entrega ao representante do Grupo Socialista, onde di que non se realizou ningunha obra recentemente no ano 2018. Con respecto á pregunta formulada por don Ramiro Rodríguez Suárez sobre o importe das obras de acondicionamento da sala de prensa, o presidente da comisión dá lectura dun

informe do arquitecto provincial, que entrega ao voceiro do BNG, no que consta que o importe foi de 60.811,92 €.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que si se fixeron obras nas oficinas do Grupo Popular.

O **presidente da comisión** di que non recentemente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que el non preguntou por obras recentes senón por obras realizadas no mandato.

O **presidente da comisión** responde que pedirá información sobre se se realizaron en exercicios anteriores.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que só se lle respondeu ao 50% da súa pregunta xa que tamén preguntou pola posta en funcionamento da sala de prensa.

O **presidente da comisión** di que se pedirá esa información e se entregará.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.